

## CIRCULAR 23/2017

### COMPETICIÓN DO RANKING AUTONÓMICO UNIFICADO DE SALA (RAUS) 2018

Ante a publicación pola RFETA do Ranking Autonómico Unificado de Sala para o 2018 (Circular RF205117 RANKING AUTONOMICO UNIFICADO SALA 2017-2018\_R ) que delega na FGTA establecer as competicións necesarias para que a partir das mesmas se poida elaborar dito ranking , a responsabilidade de definir que competicións son validas e as condicións para súa inclusión e as datas nas que se celebraran, o envío dos resultados de ditas competicións e a súa verificación.

Por todo elo a FGTA establece:

#### 1. Criterios de validez

Os seguintes criterios validaran as competicións e os resultados acadados:

- A convocatoria será aberta a todos os clubs galegos, coa única limitación das divisións ou categorías convocadas.
- A composición do comité técnico comunicarase con suficiente antelación para contrastar a idoneidade dos xuíces que actúen en dita competición.
- A organización de dita competición remitira copia da acta de competición a FGTA, debidamente cuberta e asinada polos xuíces da competición.
- A Organización remitira copia da revisión de material dos participantes, asinado polo xuíz principal (Presidente Comité Técnico)
- A organización remitira a clasificación da competición completa nun formato "Excel". Debera gardar as follas de puntuación aló menos un ano, para atender posibles consultas ou reclamacións.

#### 2. Competicións validas para o ranking de sala 2018 son:

##### novembro

- |              |                                                                                                                                                                                               |
|--------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>4</b>     | <u>Trofeo Internacional Arco Barco</u> . Recurvo, Composto, Tradicional e Espido. Categoría absoluta. Organizado por Arco Barco no Barco de Valdeorras                                        |
| <b>11-12</b> | <u>Trofeo Federación Galega - Xunta de Galicia de Sala</u> . Recurvo, Composto, Tradicional e Espido . Todas as categorías. Organizado en colaboración co Castelarco en Ferreira de Valadouro |
| <b>25</b>    | <u>Trofeo Cidade de Narón</u> . Recurvo e Composto. Categorias: esquivo, benxamín, alevín, infantil, cadete e senior. Organizado por A Narón.                                                 |

## CIRCULAR 23/2017

### COMPETICIÓN DO RANKING AUTONÓMICO UNIFICADO DE SALA (RAUS) 2018

- 26 Trofeo Meigarco. Tradicional e Espido. Categoría absoluta. Organizado por Meigarco en Redondela.

#### decembro

- 16 Trofeo Concello de As Pontes, de Sala. Recurvo e Composto. Categorias: cadete, junior, senior e veterano. Organizado por C Silex en As Pontes.
- 17 Trofeo de Nadal. Arco Tradicional e Espido. Categoría absoluta. Organizado por Arco da Vella en Oza-Cesuras.

#### xaneiro 2018

- 13-14 Campionato Galego de Sala. Arco Espido, Tradicional, Composto e Recurvo. Todas as categorías. Pendente de asignar organización

### 3. Elaboración da relación para o ranking

- E responsabilidade da FGTA a elaboración da relación cos participantes galegos ou que participaran en competicións tuteladas pola FGTA que incorporaran o Ranking de Sala 2018 e a súa remisión a RFETA en tempo e forma.
- Todos os arqueiros galegos se incluírán na relación de puntuacións que se enviarán a RFETA para elaborar o Ranking de sala 2018. Si algún non quere que se lle inclúa debera notificalo a FGTA.
- Os arqueiros que procedentes doutras federacións participen en algunha das competicións que se inclúen no noso calendario deberan comunicar a organización antes do inicio da competición si desexan que se lles inclúa na relación do Ranking de sala 2018. Debera ser a propia organización a que informe os participantes desta situación.
- Todos os aspectos ou dúbidas que non aclarados nesta circular ou na circular da RFETA RF205117 RANKING AUTONOMICO UNIFICADO SALA 2017-2018\_R, serán resoltos pola directiva da FGTA.

*Francisco Vilar Nogueas*  
*Secretario Xeral FGTA*